



ANPA OS GUDIÑOS
CEIP A.D.R. Castelao
Rosalía de Castro 12, Rianxo 15920
anpaosgudinos@gmail.com
634614356

Prezadas familias:

O presente curso está rematando pero dende a **ANPA "Os Gudiños"** estamos traballando e argallando novas ideas para o seguinte curso. Algunhas xa teñen forma, como as actividades extraescolares, e velaquí volas presentamos:

Para o curso escolar 2023-2024 están previstas unha serie de actividades extraescolares, que se desenvolverán a partires do 01.10.2023 no Colexio ADR Castelao de Rianxo en horario de 16-18h, para favorecer a conciliación familiar.

As actividades van dirixidas a todo o alumnado, salvo informática, club de lectura e taller de curtametraxes, que serían dende os 5 anos a primeira e dende os 6 anos as dúas últimas.

Cada fin de trimestre contaremos cun pequeno festival ou exposición onde os cativos e as cativas amosarán as súas aptitudes e farán as delicias do público.

Precisamos que nos indiquedes, no formulario que acompaña esta información e que se poderá presentar ata o 31 de xuño vía E-mail, vía TELEGRAM ou na caixa de correo da ANPA, as actividades nas que os vosos fillos e fillas están interesados e interesadas para poder formar os grupos e deixar as actividades cerradas. Se botades en falta algunha actividade, indicádeno mediante escrito na caixa de correo da ANPA ou enviándonos un E-mail.

As **ACTIVIDADES** que se ofertarán o vindeiro curso son:

- Para empezar a semana con enerxía, forza e novos retos, os **LUNS** comezaremos con **PSICOMOTRICIDADE (18€/mes)** e adentrarémolos no mundo audiovisual co **TALLER DE CURTOMETRAXES (21€/mes)** .



ANPA OS GUDIÑOS
CEIP A.D.R. Castelao
Rosalía de Castro 12, Rianxo 15920
anpaosgudinos@gmail.com
634614356

- Os **MARTES**, co obxectivo de darlle chispa e encanto á semana incorporamos dúas novidades: **MAXIA E ILUSIONISMO (23€/mes)** e o **CLUB DE LECTURA (17€/mes)**. Ambas actividades teñen o poder de transportar ao alumnado a mundos fascinantes, potenciar a súa creatividade, axudarlle a adquirir valores, cooperar e traballar en equipo.
- Os **MÉRCORES** é o día das belas artes e da música con **CÓMIC E PINTURA (25€/mes)** **EXPRESIÓN MUSICAL (18€/mes)** e **CANTO (17€/mes)**. ¡O Colexio ADR Castelao contará co seu coro de pequenas grandes voces anxelicais rianxeiras!
- Os **XOVES** retomamos á actividade física con **XIMNASIA RÍTMICA (25€/mes)** e continuaremos explorando a ciencia con **CIENCIAS DIVERTIDAS (20€/mes)**.
- O **VENRES**, día favorito de semana, ca vista posta no descanso e diversión, os pequenos e as pequenas sacarán ese bailarín ou bailarina que levan dentro en **BAILE MODERNO (16€/mes)** e/ou **TIK-TOK (17€/mes)**.

A actividade de **JUDO** seguirá realizándose os **LUNS e MÉRCORES** no pavillón polideportivo de Rianxo nos mesmos horarios e coas mesmas tarifas (2 días, 18€/mes e 1 día, 13€/mes. Se o grupo fora inferior a 8 serían 2 días, 26€/mes e 1 día, 16€/mes).

Entre as novas actividades tamén se inclúe **INFORMÁTICA**, a cal se impartirá en **BEEP RIANXO**. A actividade realizarase nas súas instalacións, quedando pendente de confirmar prezo, o/s día/s e a/s hora/s, segundo a demanda existente.

Á parte destas novidades, temos previstas varias actividades (*moi variadas*) ao longo do curso, nas que esperamos poder contar con todos vos (*entre outras, Scape Room, ciclos femininos e masculinos, risoterapia, talleres diversos...*). Por iso vos animamos a

SEGUIR FORMANDO PARTE da ANPA e a **INSCRIBIRSE** a todos

os papás e todas as mamás do cole.

Un saúdo e moitas grazas